

Luns, 12 de decembro de 2022

Núm. 235

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MEAÑO

Ordenanzas e Regulamentos

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR TENDIDOS, TUBERIAS E GALERIAS PARA AS CONDUCCIÓNS DE ENERXÍA ELÉCTRICA, AUGA, GAS OU CALQUERA OUTRO FLUIDO INCLUIDOS OS POSTES PARA LIÑAS, CABLES,...

ANUNCIO

ORDENANZAS E REGULAMENTOS

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR TENDIDOS, TEBERÍAS E GALERÍAS PARA AS CONDUCCIÓNS DE ENERXÍA ELÉCTRICA, AUGA, GAS OU CALQUERA OUTRO FLUÍDO INCLUIDOS OS POSTES PARA LIÑAS, CABLES, PALOMILLAS, CAIXAS DE AMARRE, DE DISTRIBUCIÓN OU DE REXISTRO, TRANSFORMADORES, RÁIS, BÁSCULAS, APARATOS PARA A VENDA AUTOMÁTICA E OUTROS ANÁLOGOS QUE SE ESTABLEZAN SOBRE VÍAS PÚBLICAS OU OUTROS TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL OU VOEN SOBRE OS MESMOS

Aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 30 de setembro de 2022, a modificación da Ordenanza fiscal reguladora taxa por tendidos, tuberías e galerías para as conducións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre os mesmos e elevado a definitivo ao non presentarse reclamación contra o mesmo no período de exposición pública, dando cumprimento ó artigo 17.4 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fáise público o seu novo texto e deroga os artigos que se modifican:

“ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR TENDIDOS, TUBERÍAS E GALERIAS PARA AS CONDUCCIÓNS DE ENERXÍA ELÉCTRICA, AUGA, GAS OU CALQUERA OUTRO FLUÍDO INCLUIDOS OS POSTES PARA LIÑAS, CABLES, PALOMILLAS, CAIXAS DE AMARRE, DE DISTRIBUCIÓN OU DE REXISTRO, TRANSFORMADORES, RAÍS, BÁSCULAS, APARATOS PARA A VENDA AUTOMÁTICA E OUTROS ANÁLOGOS QUE SE ESTABLEZAN SOBRE VÍAS PÚBLICAS OU OUTROS TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL OU VOEN SOBRE OS MESMOS.



Artigo 1º. Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 a 58 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do citado Real decreto legislativo, acorda a imposición e ordenación da Taxa por tendidos, tuberías e galerías para as conducións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre os mesmos.

Artigo 2º. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial, total ou parcial, constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, por empresas explotadoras de servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza. Considerarase que o servizo de subministración que presta unha determinada empresa afecta á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza cando sexa posible que o servizo poida ser ofrecido ao conxunto ou a unha parte significativa da poboación, con independencia da maior ou menor facturación deste municipio ou da maior ou menor aceptación do servizo polos consumidores.

2. O aproveitamento especial do dominio público producirase sempre que para a prestación do servizo de subministración se deben utilizar instalacións ou redes que materialmente ocupen o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, con independencia de quen sexa o titular de aquelas.

3. En particular, entenderanse comprendidos entre os servizos referidos nos apartados anteriores as subministracións de auga, gas, electricidade, telefonía fixa, internet ou outros medios de comunicación que se presten, total ou parcialmente, a través de redes e instalacións que ocupan o dominio público municipal. Non se incluírán neste réxime especial de cuantificación da taxa os servizos de telefonía móbil.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Serán suxeitos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no feito imponible.

Artigo 4º. Responsables

Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.



Luns, 12 de decembro de 2022

Núm. 235

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. Cota tributaria

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º. Beneficios fiscais

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º. Precepción

Percíbese a taa e nace a obriga de contribuír:

- Nos servizos de retribución puntual, no momento de presenta-la solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento.
- Nos servizos de retribución periódica, precibirase a taxa o día primeiro de cada ano natural.

Artigo 8º. Liquidación

Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o trámite do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

Cando se trate de servizos de retribución periódica, liquidarase e esixirase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa o una liquidación única anual.

Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9º. Ingreso

O pagamento desta taxa realizarase:

- Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal o nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ó inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.
- Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalan no edicto de exposición pública do padrón.



Artigo 10º. Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º. Normas de xestión

As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presenta unha solicitude achegándose o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidades interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.

No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicita-la devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.

Unha vez autorizada ou concedida a licencia de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.

Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaración de baixa no censo ou padrón desta taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación de baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

ARTIGO 12.- Xestión por delegación

1. Se a xestión, a inspección e a recadación do tributo foron delegadas total ou parcialmente na Deputación de Pontevedra, as normas contidas nos artigos anteriores serán aplicables ás actuacións que ten que realizar a Administración delegada, sempre que non contradigan o establecido na Ordenanza Fiscal Xeral desta última, xa que nese caso, no que respecta á recadación e ás normas de eficiencia e economía, incluído o relativo a achega de documentación polos interesados regulado no art. 28 da Lei 39/2015, prevalecería o establecido na normativa específica do órgano de xestión tributaria.

2. O órgano de xestión tributaria establecerá os circuítos administrativos máis adecuados para conseguir a colaboración das organizacións representativas dos suxeitos pasivos co fin de simplificar o cumprimento das obrigacións formais e materiais derivadas daquelas, ou os procedementos de liquidación e recadación.

3. Todas as actuacións de xestión e recadación que leve a cabo o órgano de xestión tributaria axustaranse ao que prevé a normativa vixente e a súa ordenanza xeral de xestión, inspección e recadación, aplicable aos procesos de xestión dos ingresos locais, a titularidade dos cales corresponde aos municipios da provincia de Pontevedra que delegaron as súas facultades na Deputación.



Luns, 12 de decembro de 2022

Núm. 235

DISPOSICIÓN FINAL

As modificacións desta ordenanza fiscal, aprobadas polo Pleno da Corporación en sesión de data , producirá efectos a partir do día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincial e continuará en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

*ANEXO***Primeiro. Tarifa**

PARA APLICACIÓN DA ORDENANZA DA TAXA POR TENDIDOS, TUBERÍAS E GALERIAS PARA AS CONDUCCIONS DE ENERXIA ELECTRICA, AUGA, GAS OU CALQUERA OUTRO FLUIDO INCLUIDOS OS POSTES PARA LIÑAS, CABLES, PALOMILLAS, CAIXAS DE AMARRE, DE DISTRIBUCIÓN OU DE REXISTRO, TRANSFORMADORES, RAIS, BASCULAS, APARATOS PARA A VENDA AUTOMATICA E OUTROS ANALOGOS QUE SE ESTABLEZAN SOBRE VIAS PUBLICAS OU OUTROS TERREOS DE DOMINIO PUBLICO MUNICIPAL QUE VOEN SOBRE OS MESMOS:

Concepto	Importe
Empresas explotadoras de servizos de subministros de auga, gas, electricidade, telefonía fixa, internet ou outros medios de comunicación que se presten total ou parcialmente, a través de redes e instalacións que ocupan o dominio público municipal	1,5 % dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal

”

Contra este acordo poderá interponerse Recurso Contencioso-administrativo a partir desta publicación no BOP na forma e prazos que establecen as normas reguladoras da devandita xurisdicción.

En Meaño, o alcalde Carlos Vieitez Fernández.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe.

